

PREGÓN DA PRAZA DOS LIBROS DE CARBALLO 2022

XAN FERNÁNDEZ CARRERA

Benvidos e benvidas a esta Praza dos Libros: autoridades, escritoras, libbreiros, veciñas e veciños.

Síntome moi honrado de que me convidasen a ler o pregón desta nova edición da Praza dos Libros de Carballo. Dubido que eu sexa o máis idóneo para abrir un acto de tanta relevancia coma este, pois son consciente de que hai moitas outras persoas de maior proxección intelectual e con maiores méritos, que serían máis merecentes de ocupar este sitio no día de hoxe.

Non resulta doado falar de libros e de lectura no mundo actual, e menos dicir algo novo do xa escrito por autores preocupados por esta temática. Pero vou intentar reflexionar sobre a importancia que desempeñan os libros e a lectura na formación das persoas.

Despois dunha parada de dous anos obrigada pola pandemia da covid 19 volvemos a encontrarnos na Praza dos Libros. Que feliz noticia! O andazo afectounos de xeito individual e colectivo e produciu en nós un maior temor e inseguridade, pero se algo positivo nos deixou foi un maior interese pola lectura e a reflexión. Ao permanecer tanto tempo na casa tivemos a oportunidade de buscar recursos para ocupar eses momentos de soidade, e un deles foi a lectura, o encontro con libros que tiñamos aparcados porque a rutina diaria non nos permitía botar man deles. Os índices de lectura da cidadanía aumentaron e os hábitos de entrar nas librerías tamén foron a máis, e isto é digno de celebrar como sociedade. O lugar idóneo para conmemoralo de xeito colectivo é esta praza de Carballo, espazo ideal para a celebración dun evento desta categoría, pois non hai mellor escaparate para expoñer os libros que aquel no que cada xoves ou cada domingo de feira se mostran centos de produtos que se cultivan na nosas hortas, que os nosos artesáns crean coas súas mans ou aqueloutros que proveñen dos animais domésticos coidados con todo o agarimo.

As prazas das vilas e das cidades son os verdadeiros parlamentos do pobo, da xente do común, neles é onde a veciñanza expón e contrasta as súas ideas e onde conversa sobre ilusións e soños.

Son as prazas tamén os paraísos dos máis cativos, aos que arelan volver en cada momento para converterse en acróbatas, en futbolistas da Champion League, en malabaristas do patinete ou en auténticos Indurains.

Unha vila sen unha praza, sería como un corpo sen corazón ou un libro sen contido. Por iso convén lembrar e ter verbas de agradecemento para aquelas autoridades carballesas de hai cen anos que proxectaron o primeiro ensanche desta nosa vila e deseñaron esta praza na que nos encontramos, imprescindible espazo de convivencia e socialización. Foi esta a mellor herdanza que nos puideron deixar. Un lugar de encontro de maiores e cativos, de celebración de feiras e mercados, de actividades lúdicas e festivas ou de tipo cultural coma esta Praza dos Libros.

E falando de libros, temos que falar de lectura. Se a linguaxe oral resulta unha práctica natural propia da nosa especie humana e da súa vida en comunidade, a lectura e a escritura, requiren unha aprendizaxe intencionada, polo que a súa adquisición xeneralizada foi moito máis tardía.

Non nacemos lectores, senón que nos facemos, ben polo ambiente familiar no que medramos ou pola influencia do ensino que recibimos durante o noso período de escolarización. De aí que o papel que xogan estas dúas institucións: familia e escola, sexa decisivo para que calquera de nós se converta nun amante da lectura.

Ese proceso non comeza ao inicio da nosa vida académica, senón nos primeiros meses da infancia. Nesta etapa inicial o contacto cos primeiros libros de imaxes resulta fundamental. Primeiro de figuras soltas e máis tarde secuenciadas que narren historias sinxelas. Estas lecturas preliminares serán as que vaian forxando o futuro lector e enganchándoo na práctica lectora a través desas primeiras historias que se agochan nos libros.

A lectura terá que ser sempre un acto voluntario, persuasivo, pero nunca imposto. O escritor arxentino Jorge Luis Borges exprésanolo con moita elegancia: “El verbo leer, como el verbo amar y el verbo soñar, no soporta el modo imperativo”.

Temos que partir da base que ás persoas maiores encántanos que nos conten historias, e aos cativos aínda máis. Ese debe ser o cometido dos pais ou outras persoas que convivan con eles, contarlles contos aos máis pequenos, ben os que gardamos na nosa memoria, ben inventados ou lidos. Unha vez que se habitúen a saborear eses relatos, quedarán prendidos deles, e solicitaranos que lle sigamos a narrar máis.

A escola tamén pode influír moito na creación de lectores e lectoras, dependendo da actitude do profesorado que lle imparta clase. Hai ensinantes que favorecen moito a vocación lectora do seu alumnado, o mesmo que un axeitado funcionamento da biblioteca escolar que desenvolva actividades atractivas que conviden á lectura.

Agustín Fernández Paz, un dos máis salientables escritores da literatura infantil e xuvenil galega, no seu libro *O rastro que deixamos*, fálanos da influencia que os pais exercen na vocación lectora dos seus fillos e dinos en referencia ao seu pai:

“Del aprendín que a lectura, por riba de todo, nos axuda a vivir; pero tamén que nos serve para coñecer outros mundos e outras vidas, e que é a vía idónea para expandir o territorio sen límites da imaxinación”.

Son moitos os autores que exaltan os beneficios e bondades da lectura. Ademais de como fonte de pracer, tamén nos aporta un enorme potencial de coñecementos, aprendizaxes e saberes, e nos abre unha fiestra cara ao mundo. Alimenta a imaxinación, a creatividade e favorece a concentración e activa o cerebro.

“O esencial da lectura cando non está rexida pola obrigaón ou a utilidade, é a asociación de ideas inesperadas ao levantar a vista”, así nolo expresa a escritora francesa Michèl Petit, no seu magnífico libro *Ler o mundo*.

O universo dos libros é tan amplo e diverso, que cada quen atopará aquilo que máis lle apeteza ou co que mellor se identifique. Incluso un mesmo libro pode falarlle de distinta maneira a cada lector.

Cada libro encerra a súa historia no seu proceso de elaboración. Para que ese proceso se desenvolva con éxito e sexa atractivo para o público lector necesita unha coidada coordinación entre todos os elementos da cadea de produción. Desde a creación dunha fascinante historia por parte da autora ou autor, ata a calidade da impresión final, pasando por unha axeitada realización do deseño. Podemos comparar a historia dun libro coa elaboración do pan de Carballo.

Para cocer un bo pan coma o noso, precísase de boa materia prima, coma o trigo que medra nas agras bergantiñas, tan abundante en tempos pasados. Ben te vexo, Bergantiños,/cos teus trigos e os teus pinos, dicía o bardo, Eduardo Pondal. Tamén para que xermine e floreza un bo libro, necesítase unha mente lúcida, repleta de ideas, lecturas e experiencias, que sexa capaz

de crear esa historia que leve ao lector a gozar dese momento pracenteiro da lectura.

Logo viría o amasado e enornado do pan, momentos que hai que coidar con esmero para obtermos un produto de atractiva textura e arrecendo, que seduza o noso apetito. Compre tamén coidar con moita atención o proceso de edición do libro. O traballo de correctores, ilustradores, deseñadores e impresores, resulta fundamental para que cada exemplar atraia ao potencial lector ou lectora.

Quedaría por último, gozar na mesa do gustoso sabor do pan e compartilo coa aquela xente á que lle temos aprecio e cariño. Do libro réstanos gozar dos momentos da súa lectura e compartilos coas nosas amizades.

Hai libros que curan os males do corpo e da alma, o mesmo que fan as augas sulfurosas do balneario de Carballo. Outros crean espazos de tranquilidade como as augas silandeiras do Anllóns ao seu paso polo Bosque do Añón. Tamén os hai que nos producen vigorosas emocións, igual que as augas que choutan na Férveda de Entrecruces.

Hai libros que nos permiten viaxar a lugares fantásticos como *A volta ao mundo en 80 días* de Julio Verne, en cambio outros, achéganos á realidade máis próxima como *As crónicas de Carballo*, de Xan Fraga.

Cada libro é o inicio dunha aventura, que nos leva a outros mundos, con miradas diferentes, pero que complementan a nosa visión da realidade e condúcenos a espazos de liberdade.

As aventuras que nos permite vivir un libro, motívanos para buscar outras que haxa noutras publicacións, é dicir, uns libros conducen a outros libros, como se existise unha comunicación entre eles.

Os libros e a lectura, fannos máis cultos, máis imaxinativos e creativos, máis reflexivos e críticos, máis libres e mellores persoas, nun mundo saturado de información sen ningún tipo de filtro que nos protexa de noticias que pretenden modificar as nosas condutas coa intención de que actuemos en contra dos nosos principios e intereses.

Unha sociedade culta dificilmente se deixa enganar con simples eslogans ou noticias construídas coa pretensión de manipular conciencias e conseguir determinados fins, moi en voga nestes tempos actuais. A mellor defensa contra ese mundo manipulador é fortalecer os hábitos lectores da cidadanía.

Unha sociedade lectora, e polo tanto culta, é unha sociedade con criterio propio, que non se deixa enganar, nin dominar.

Polo tanto, cómpre mostrar gran consideración por todas aquelas institucións ou entidades que se preocupan por realizar actividades de animación á lectura ou á promoción do libro, como neste caso fai o concello de Carballo coa organización desta Praza dos Libros. Un evento que convén apoiar para que siga a manterse por moitos anos máis.

Isto vai depender de todos nós. Mentres haxa cidadáns lectores e interesados polos libros, haberá escritores e escritoras, editoriais, libreiros e feiras do libro, e por suposto, Praza dos Libros.

Hai algúns pais que se queixan de que os libros son caros, e parécelles que o diñeiro empregado na súa compra non é un gasto ben xustificado, non obstante, seguro que non fan a mesma reflexión no momento de adquirir outros produtos menos necesarios para os seus fillos.

O baixo índice de lectura que temos na nosa poboación non se debe ao custe dos libros, senón a un problema de tipo educativo e sociocultural, pois nunca houbo tantas facilidades para dispoñer de libros de maneira gratuíta como agora. As bibliotecas públicas municipais están desexosas de que veciñas e veciños acudan a elas a ler ou solicitar libros en préstamo.

Hoxe convíдовos a que fagades un percorrido polas casetas das librerías presentes nesta Praza dos Libros, que olledes os exemplares que mostran, que abrades algún que vos atraia ou chame a atención, e se considerades que cumpre os vosos gustos e expectativas, levádeo. Non hai mellor acompañante para compartir momentos de soidade que un bo libro.

Moitas grazas por escoitarme. Longa vida para a Praza dos Libros e que Carballo e Bergantiños medren na lectura.